PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
06 XUÑ. 2018
Núm. 9589

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. **Designación da Ponencia encargada de elaborar o Informe sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007)**

Punto 2. **Proposicións non de lei**

2.1 11880 (10/PNC-001188)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de retirar da base de Vilanova o helicóptero de loita contra incendios do Barco de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017

2.2 28502 (10/PNC-002245)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no proxecto de reforma da estrada comarcal PO-403 e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 287, do 04.04.2018

2.3 29279 (10/PNC-002323)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre o acordo que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa modificación puntual nº 7 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Curtis, publicada no "Diario Oficial de Galicia" do 27 de marzo de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

2.4 29491 (10/PNC-002349)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego, no marco do Plan de transporte metropolitano público de Galicia, da creación dunha autoridade única de transporte metropolitano para a planificación, coordinación e xestión do servizo de transporte de viaxeiros na cidade e no conxunto da Área Metropolitana da Coruña, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
06 XUÑ. 2018
Núm. 9589

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

2.5 29958 (10/PNC-002399)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego, a través de Portos de Galicia e tras o remate do período estival, dos proxectos correspondentes ao acondicionamento das zonas portuarias de Covelo e Raxó, no concello de Poio, segundo os convenios asinados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 299, do 03.05.2018

2.6 30709 (10/PNC-002467)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 8 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Vigo en relación coa humanización da avenida de Castrelos, no treito inicial da estrada PO-330, ou, se é o caso, a actuación que debe levar a cabo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 305, do 16.05.2018

2.7 31007 (10/PNC-002496)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reiteradas situacións de colapso que se veñen producindo na autoestrada AP-9, o custo que supoñen para as persoas usuarias e o rescate da concesión, así como a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento respecto da suba das peaxes para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Marta Nóvoa Iglesias
Presidenta en funcións

Asinado dixitalmente por:

Marta Novoa Iglesias na data 06/06/2018 13:22:09